



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE MAIO DE 2015**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1536/2014.- JOSÉ FERNANDO PÉREZ OYA.-** Conceder a licenza para executar as obras de reforma interior de vivenda e reforma de cuberta dun inmovible sito na rúa Cantón do Toural nº 1.

**LIC/2011/2014.- BEATRIZ REYES QUINTELA.-** Conceder a licenza para executar as obras de pintado de carpintería exterior e interior dun local sito na rúa Cardeal Payá nº 2.

#### **PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS.-**

**LIC/406/2014.- FRANCISCO IGLESIAS GONZÁLEZ.-** Conceder a licenza para a agrupación e segregación dunhas parcelas sitas na Zona de Concentración Parcelaria de San Juan de Fecha.

**LIC/1381/2014.- ROSENDO DOMÍNGUEZ LEMA.-** Aceptar o desestimento da petición de licenza de parcelación da finca sita no lugar A Praza - Lavacolla – Sabugueira nº 2.

#### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-**

**LIC/2171/2014.- JOSÉ MARIA GONZÁLEZ PUMAR.-** Acceder á devolución do aval constituído por importe de 1.000 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1549/2012 relativas á obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar en rúa José Maria Lacarra (de), 5, toda vez que constan dúas fianzas depositadas polo mesmo concepto.

**LIC/1896/2014.- LUAR DO SARELA, S. L.-** Acceder á devolución do aval constituído por importe de 3.000 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/805/2008 relativas ás obras de rehabilitación do edificio sito na rúa do Cruceiro do Gaio nº 3, toda vez que foi constituída nova fianza como garantía polo mesmo concepto.

**LIC/1831/2014.- FRANCISCO GOMEZ NOVOA.-** Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 525.000 pts (3.155,31 euros) para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/152/1989.

**LIC/2064/2014.- ZOAR RESIDENCIAL.-** Acceder á devolución do aval constituído por importe de 2.500 euros para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/746/2006 relativas ás obras de rehabilitación do edificio de pranta baixa e dúas prantas altas e pranta baixo cuberta na Costa Nova de Abaixo, 38.

**2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma interior de vivenda e reforma de cuberta dun inmovible sito na rúa Cantón do Toural, nº 1. (LIC/1536/2014).**

**3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de pintado de carpintería exterior e interior dun local sito na rúa Cardeal Payá, nº 2. (LIC/2011/2014).**

**4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para a agrupación e segregación dunhas parcelas sitas na zona de Concentración Parcelaria de San Juan de Fecha. (LIC/406/2014).**

Autorizáronse 3 licenzas:

- Unha, para reforma interior e reforma de cuberta de vivenda no Cantón do Toural (nº 1), cun orzamento de execución de 37.267 euros.
- Outra, para pintado de carpintería exterior e interior de local na rúa Cardeal Payá (nº 2), cun orzamento de execución de 585 euros.
- E unha terceira, para agrupación e segregación de parcelas en San Xoán de Fecha, resultando unha parcela matriz de 9.510 m<sup>2</sup> da que se segregan 4 parcelas, tres delas de 2.000 m<sup>2</sup> e unha de 3.510 m<sup>2</sup>.

**5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de desestimento da petición de licenza de parcelación da finca sita no lugar de A Praza-Lavacolla-Sabugueira, nº 2. (LIC/1381/2014).**

Acordouse aceptar o desestimento de petición de licenza de parcelación dunha finca no lugar da Praza en Lavacolla-Sabugueira (nº 2).

**6.- Propostas da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas a diversas devolucións de fianzas.**

Accedeuse á solicitude de devolución de 4 fianzas formalizadas no seu día como garantía para a urbanización e reposición de servizos de diversas obras en distintos lugares do concello, por un importe conxunto de 9.655 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de inicio de avaliación ambiental da Modificación puntual do Plan especial de reforma interior PERI-2. Conxo de Arriba.**

Acordouse remitirle á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación do PERI de Conxo de Arriba do ámbito a Área de Execución Integral-E (AEI-E) promovida por Ríos Sánchez e Hijos Promociones, S.L., xunto do documento ambiental e o borrador do Plan. A modificación proposta afecta á citada AEI-E, que ten unha superficie total de 5.876 m<sup>2</sup>, e trata de potenciar a interrelación entre o SUP-4 de Conxo co SUNP-16 de Volta do Castro, propoñendo, entre outros aspectos, a recuperación do paso entre a Travesa de Conxo de Abaixo ata Conxo de Arriba e a recuperación da zona verde entre a rúa Feliciano Barrera ata Conxo de Arriba, gañando presenza o peón en detrimento do tráfico rodado.

A nova ordenación que se propón deberá concretarse no documento que se someterá a aprobación inicial, logo de que se obteña a resolución do órgano ambiental autonómico.

**8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do acordo de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Área Empresarial do Tambre para a promoción do asentamento de empresas e captación de proxecto de inversión empresarial en Santiago de Compostela.**

Aprobouse o texto dun acordo a subscribir entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), o Concello de Santiago e a Asociación Área Empresarial do Tambre para a promoción do asentamento de empresas e captación de proxectos de investimento empresarial en Santiago de Compostela. O acordo busca establecer un marco que permita desenvolver actuacións conxuntas no eido da planificación e desenvolvemento de infraestruturas produtivas, formulando propostas para a priorización de fins e o axeitado aproveitamento dos recursos, na área empresarial da zona norte da cidade, no ámbito das superficies empresariais da Sionlla, Costa Vella e O Tambre. O traballo conxunto trata de coordinar esforzos e aproveitar as sinerxias que iso comporta para a optimización dos recursos, podendo implicar para a súa realización, cando sexa oportuno, ao persoal e estruturas propias, así como colaboradores externos, cando sexa necesario.

Para garantir a coordinación prevese a creación dunha Comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, que se encargará da proposición de accións e do seu desenvolvemento, da análise da situación en relación con outros territorios e da avaliación dos resultados das accións executadas. Esta comisión poderá contar coa participación de expertos na materia ou nas accións que se propoñan, con voz e sen voto na toma de decisións a acordar.

As partes participarán na promoción e difusión das actividades e dos resultados obtidos, mediante as publicacións correspondentes nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

O acordo terá unha vixencia inicial ata o 31 de decembro de 2015, contemplando a súa prórroga mediante acordo expreso e escrito das partes asinantes.

**9.- Proposta das concelleiras delegadas das áreas de Cultura e Patrimonio e de Educación para dar conta da resolución de concesión de subvención correspondente á convocatoria do programa de subvención a Concellos e Entidades locais para a realización de investimentos culturais durante o ano 2015. Concello de Santiago de Compostela.**

Deuse conta da subvención concedida pola Deputación da Coruña ao abeiro dunha convocatoria para investimentos culturais durante o ano 2015 por importe de 15.980 euros.

Esta cantidade equivale ao 46,5% dos 34.343 euros que o Concello destinou a adquisición de instrumentos, material informático e mobiliario para a Escola Municipal de Música, así como

material audiovisual e informático para as aulas de informática dos centros socioculturais municipais.

**10.- Proposta de concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2015".**

Acordouse a adxudicación do contrato para o servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores" que anualmente convoca o Concello coincidindo coas Festas da Ascensión. A empresa adxudicataria foi Catering Casa Taboada, S.C., cunha oferta de 17,60 euros/comida, que resultou ser a máis vantaxosa das presentadas.

**11 a 45.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais**

Concedéronse 35 beneficios fiscais dos cales 21 pertencen ao imposto do incremento de valor dos terreos de natureza urbana, 11 a vehículos de tracción mecánica, 1 ao ICIO e 2 ao imposto de actividades económicas.

**46 a 48.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa a solicitude de exención no IBI á FUNDACIÓN ESPECIAL NOVACAIXAGALICIA OBRA SOCIAL.**

**47.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa á solicitude de exención no IBI ao ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**48.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa á solicitude de exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana do ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Acordouse conceder a exención do imposto de bens inmobles a varias propiedades na cidade da Fundación Especial Novacaixagalicia Obra Social e do Arcebispado de Santiago, logo de comprobar o cumprimento dos requisitos contemplados na lei 49/2002 que regula o réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e os incentivos fiscais ao mecenado.

**49.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa a rexeitamento de recurso de reposición interposto por D.ÁNGEL MARÍA IGNACIO VIAÑO LÓPEZ contra acordo da Xunta de Goberno.**

**50.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa a rexeitamento de recurso de reposición interposto por D.VÍCTOR MANUEL VÁZQUEZ BARREIRO contra acordo da Xunta de Goberno.**

Denegáronse dous recursos de reposición contra senllos acordos da Xunta de Goberno que á súa vez denegaban dúas solicitudes de exención fiscal para dous bens. En ambos casos reiterouse o establecido no seu momento de que non concorren as circunstancias que sinala a normativa para a exención.

**51.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concedéronse un total de 19 exencións de taxas pola subministración de auga, saneamento, depuración e servizo de recollida de lixo, por cumprir os requisitos esixidos e durante determinados períodos, mentres se manteñan as condicións que motivaron o outorgamento.

**52.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da resolución de subvención correspondente á convocatoria do programa de subvencións a Concellos e Entidades Locais para o mantemento da Escola Municipal de Música durante o ano 2015. Concello de Santiago de Compostela.**

Deuse conta da subvención concedida pola Deputación da Coruña para contribuír ao mantemento da Escola Municipal de Música durante o ano 2015, por un importe de 9.617 euros.

**53.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía para dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e o Colexio de Avogados de Santiago.- Servizo Mediación contratos aluguer con renda antiga 2015 (DT 3ª Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos (LAU).**

Deuse conta da sinatura do novo convenio co Colexio de Avogados de Santiago para implantar un servizo de mediación a través desa entidade, dirixido a comerciantes e propietarios para intentar acadar acordos na renovación dos seus contratos de aluguer. A este fin destínanse 30.000 euros previstos no orzamento do ano actual.

O Convenio dálle continuidade a outro acordado no pasado mes de novembro por un importe de 5.000 euros e busca resolver os casos de renovación dos “alugueiros de renda antiga” afectados pola lexislación de 1994. Esta situación afecta de xeito moi especial na cidade aos negocios e comercios da zona histórica. Para tratar de axudar nesa problemática, promóvese unha quenda especializada en mediación, especialmente de carácter civil/ mercantil, para prestarlle servizo de asistencia na procura dun acordo de renovación de novos contratos de arrendamento.